

BASES REGULADORAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE LOCAIS BALEIROS NO PORRIÑO

A “Bolsa de Locais Baleiros do Porriño” é un proxecto que está incluído dentro do Plan Municipal de Emprego da Concellería de Emprego e Formación do Concello do Porriño.

PRIMEIRO.- Obxetivos: A finalidade da “Bolsa de Locais baleiros do Porriño” é informar de todos os locais comerciais que se encontren nesta situación dentro do término municipal do Porriño, susceptibles de ser alugados por persoas emprendedoras e empresarios, contribuíndo a fomentar a actividade comercial e impulsar a economía.

A Concellería pretende con este proxecto que os propietarios dos locais comerciais que se encontren en desuso no Porriño e queiran alugar o seu local empreguen este servizo e que a súa vez, os emprendedores que queiran crear unha empresa no Porriño ou empresarios que necesiten un local para o seu negocio dispoñan de información destes locais baleiros para o seu aluguer.

SEGUNDO.- Normativa aplicable: Respecto ás competencias municipais, ofrécese este servizo en virtude do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que establece que o concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

TERCEIRO.- Destinatarios.

1. Propietarios de locais: todos aqueles que dispoñan de locais desocupados susceptibles de ser alugados para o desenrolo dunha actividade empresarial sitos no Concello do Porriño.
2. Emprendedores ou empresarios: aqueles que busquen un local comercial en réxime de aluguer no Concello do Porriño, para por en marcha o seu proxecto ou que queiran dispor dun local para desenrolar e/ou ampliar a súa actividade empresarial.

CUARTO.- Normas de funcionamento.

1.- Respecto ao Concello do Porriño:

- a) Publicación na web municipal: publicarase na páxina web, www.porremprego.org do Concello do Porriño, unha ficha explicativa de cada un dos locais susceptibles de ser alugados. Na ficha explicativa indicárase a localización, características básicas e fotografías do local.
- b) Actualizará os datos publicados na web.
- c) Atenderá a todos aqueles usuarios/as que o soliciten formalmente a través do formulario colgado na web.
- d) Ofrecerá asesoramento empresarial a todos aqueles usuarios/as da bolsa que o soliciten.

O Concello do Porriño non intervirá como intermediario na relación contractual do aluguer, nin ofrecerá ningunha garantía ao arrendador sobre o pago dos locais por parte do arrendatario.

2.- Respecto aos propietarios dos locais:

- a) Deberán encher o formulario que estará nun enlace da páxina web, www.porremprego.org da Concellería de Emprego e Formación do Concello do Porriño denominada "Bolsa de Locais baleiros do Porriño"-Propietarios.

b) Unha vez recibido o formulario na Concellería de Emprego e Formación, o persoal da concellería contactará co propietario do local para asignarlle unha cita, na que o propietario entregará a documentación requerida e firmará a autorización para publicar na web os datos básicos do seu local.

Ao aceptar estas condicións e entregar o formulario correspondente, o propietario permite de maneira explícita o análise dos seus datos persoais, co único fin de ofrecer información e publicidade das ofertas de locais baleiros para o seu posterior aluguer.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Unha autorización relativa a publicación dos seus datos na páxina web e para facilitar información a usuarios/as interesados no seu local.
 - DNI/NIE do propietario/a.
 - Escritura de propiedade, nota simple ou certificado do Rexistro da Propiedade.
 - Último recibo do Imposto sobre Bens Inmóbles.
 - Fotografías do local.
-
- Estar ao corrente nas obrigacións tributarias con este Concello e autorizar ao Concello para comprobar este extremo.

3.- Respecto aos emprendedores e empresarios:

a) Cumplimentarán o formulario que aparecerá na web, www.porremprego.org premendo no enlace denominado “Bolsa de Locais baleiros do Porriño”-Emprendedores e empresarios.

b) Unha vez recibido o formulario cuberto na Concellería de Emprego e Formación, o persoal da mesma porase en contacto co interesado para concertar unha cita, estudar a súa idea de negocio e posteriormente, facilitar os datos de contacto do propietario/a do local do seu interés.

QUINTO.- Aceptación das bases: Coa firma da autorización correspondente os propietarios/as dos locais baleiros aceptan as condicións establecidas nas presentes bases.



Edificio Multicentro
r/ Ribeira, s/n – Torneiros - 36410 O Porriño
Tfn: 986 334 829 986 338 217 Fax: 986 338 900
www.porremprego.org



SEXO.- Vixencia: Os datos facilitados serán incorporados na base de datos xestionada pola Concellería de Emprego e Formación e terán unha vixencia de seis meses, salvo que os locais sexan alugados, co que os propietarios deberán comunicar a súa baixa na Bolsa ao realizar o contrato de aluger.